

## NORMAS E CONSELLOS XERAIS PARA A VIAXE

### 1. Documentación:

1. **DNI** (non caducado) da persoa que viaxa.
2. **Autorización** do pai, nai, titor ou titora legal efectuada mediante comparecencia personal nunha dependencia policial (Comisarías de Policía, Postos da Gardia Civil). A autorización **só é necesaria para os menores de idade**.

Na autorización farase constar o nome e o DNI da persoa acompañante.

**A Autorización ten unha validez de 30 días dende a súa expedición.**

Para axilizar o trámite pódese descargar e encher o **formulario** que se atopa nun link da seguinte páxina:

[http://www.guardiacivil.es/es/servicios/permiso\\_salida\\_menores\\_extranjero/index.html](http://www.guardiacivil.es/es/servicios/permiso_salida_menores_extranjero/index.html)

**Nota:** A autorización será entregada á profesora acompañante antes da viaxe.

3. Non é necesario, pero aconséllase facer o pasaporte (que se expide no momento e non hai que pedir cita).

### 2. Saúde:

1. Existe un seguro de viaxe mínimo.
2. Expedir a **tarxeta sanitaria europea**. A ligazón on-line para solicitala na Seguridade Social é: [bit.ly/1oLoUzO](http://bit.ly/1oLoUzO)
3. Os alumnos deben comunicar á profesora acompañante, se fose o caso, todo tipo de problemas de saúde que teñan (alerxias, sobre todo a alimentos, asma, etc.) e deberán redactar un protocolo de actuación en caso de crise e entregalo á profesora para que o leve sempre consigo.

### 3. Aparellos:

1. Recomendamos non levar na viaxe máis aparellos que o móbil e, se interesa, a cámara de fotos, para así evitar roubos ou extravíos.
2. O alumno debe proporcionar un número móbil e outro de contacto coa familia.
3. Non esquecer solicitar o roaming coa compañía de teléfonos.

### 4. Equipaxe:

1. Permítese unha maleta facturada de ata 15 kg.
2. Hai que prever deixar uns quilos de reserva por se se quere traer algo na viaxe de volta.

### 5. Roupas:

1. Calzado moi cómodo e versátil. Non levar zapatos para estrear.
2. Aconsellamos consultar a previsión meteorolóxica, pero en todo caso, temos que contar con que poida facer frío e que chova.

### 6. Normas da viaxe:

1. Non esquecer que se trata dunha viaxe de estudos. É necesario respectar as normas e mostrar, en todo momento, un comportamento responsable.
2. É obrigatoria a asistencia ao Centro de estudos e a participación nas actividades escolares.
3. Ao ser un intercambio con aloxamento en familia será tamén preciso manter unha actitude aberta, respetuosa e sensible ante os costumes e códigos locais.
4. Se xurdise algún problema ou conflito, haberá que comunicalo o antes posible á profesora responsable.

**Nota:** Cuestións máis concretas sobre a viaxe e a estancia trataráanse na/s reunión/s que convocaremos antes da partida.

En A coruña, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017

(Asdo.: \_\_\_\_\_ )